



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 5 de setembro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de agosto de 2018.
2. Concédese licenza de obras para demolición de edificación e construción de vivenda unifamiliar en Igrexario, nº 14, San Xulián, Marín.
3. Concédese licenza para construción de edificación anexa a vivenda unifamiliar existente, destinada a garaxe, en Lugar Areosa, 114, Sete Espadas, Marín.
4. Denégase licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda de carácter tradicional existente en Xuncal, nº 8, Ardán.
5. Denégase licenza para legalización de obras executadas de elevación das paredes do patio de vivenda sita en Concepción Arenal, nº 162, Marín.
6. Denégase licenza para demolición parcial de edificación en Lugar Sete Espadas, nº 3, Mogor, Marín.
7. Solicítase autorización para reinvestir a baixa xerada no investimento “Humanización da rúa Concepción Arenal entre Jaime Janer e rúa da Roda” no financiamento do investimento “Muro de sostemento no acceso á praia do Santo en Casás”, por importe de 33.856,79 euros, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.
8. Apróbase a memoria descritiva e presuposto detallado e solicitude de autorización para reinvestir a baixa xerada no investimento “Humanización da rúa Concepción Arenal entre Jaime Janer e rúa da Roda” no investimento denominado “Adquisición de material complementario para a pista de atletismo do estadio municipal de San Pedro”, por importe de 14.827,61 euros, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.
9. Acórdase o inicio do expediente de contratación da obra de “Mellora do comportamento hidráulico do río Lameira. Fase II”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.
10. Dáse conta da autorización para a reinversión da baixa xerada no investimento “Reconstrución da ponte e urbanización da rúa Ponte Zapal” no investimento denominado “Substitución de equipo de bombeo e adaptación da estación de bombeo de Lameira”, por importe de 15.556,10 euros, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.
11. Solicítase subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por importe de 12.370,28 €, equivalente ó 35% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social.
12. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Subsánase o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2018, polo que se solicitou a subvención para o financiamento do investimento “Humanización da rúa A Estrada, entre Av. Ourense e a rúa Méndez Núñez” ao abeiro do “Plan de Remodelación

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es





ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

e Mellora da Seguridade dos viarios municipais (Plan DEPO-REMSE)", da Deputación de Pontevedra, modificando o desglose de importes por anualidades.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BD700C1K1F9M0H7D5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20180146391
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:37:10	Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:37